

STEFAN BRÜGGEMANN

TO BE POLITICAL IT HAS TO LOOK NICE

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Santiago de Compostela

Comisario: Santiago Olmo

Inauguración: 15 de xullo ás 20:00 h

Do 15 de xullo ao 16 de outubro de 2016

Planta primeira

Comisario: Santiago Olmo

Inauguración: 15 de julio a las 20:00 h

Del 15 de julio al 16 de octubre de 2016

Planta primera

STEFAN BRÜGGEMANN

TO BE POLITICAL IT HAS TO LOOK NICE

O CGAC ACOLLE A EXPOSICIÓN *TO BE POLITICAL IT HAS TO LOOK NICE* DO ARTISTA MEXICANO STEFAN BRÜGGEMANN

SANTIAGO, 15 DE XULLO DE 2016. A mostra, que leva por título *To be political it has to look nice*, está construída a partir de intervencións espaciais e instalacións que cuestionan a orde dos conceptos, a lóxica das normas e, particularmente, as convencións da linguaxe e do sistema artístico.

A exposición toma como título unha das frases recompiladas polo artista nun arquivo de títulos posibles, *Showtitles* (2000-2016), obra tamén presente na mostra, que constitúe precisamente unha crítica ás convencións da arte política, cada vez mais sometida ao servizo da corrección ideolóxica.

A obra de Stefan Brüggemann está fortemente enraizada nas prácticas posconceptuais de finais dos sesenta e principios dos setenta. Sempre desde o punto de vista crítico, ás veces irónico, a súa práctica artística cuestiona tanto o mundo que nos rodea como as categorizacións estéticas tradicionais. A súa intención nunca é xerar certezas, senón confrontar o espectador consigo mesmo e facer que se formule preguntas.

Stefan Brüggemann vive e traballa entre Cidade de México e Londres. Actualmente está a expor en: *Where Do We Go From Here? Selections from La Colección Jumex*, Bass Museum of Art, Miami; *Show Titles*, Kunsthalle Lissabon, Lisboa, e *I am not here. An exhibition without Francis Alys* en De Appel Arts Centre, Amsterdam.

Tamén participou, entre outras, en exposicións colectivas no MCA de Chicago, o Schirn Kunsthalle de Frankfurt ou o ICA de Londres.

A mostra permanecerá aberta até o día 16 de outubro nas salas da primeira planta do CGAC.

Actividades relacionadas

O artista, Stefan Brüggemann, e o comisario da mostra, Santiago Olmo, ofrecerán una visita guiada dialogada durante a inauguración.

EL CGAC ACOGE LA EXPOSICIÓN *TO BE POLITICAL IT HAS TO LOOK NICE* DEL ARTISTA MEXICANO STEFAN BRÜGGEMANN

SANTIAGO, 15 DE JULIO DE 2016. La muestra, que lleva por título *To be political it has to look nice*, está construida a partir de intervenciones espaciales e instalacións que cuestionan el orden de los conceptos, la lógica de las normas y, particularmente, las convenciones del lenguaje y del sistema artístico.

La exposición toma como título una de las frases recopiladas por el artista en un archivo de títulos posibles, *Showtitles* (2000-2016), obra también presente en la muestra, que constituye precisamente una crítica a las convenciones del arte político, cada vez más sometido al servicio de la corrección ideológica.

La obra de Stefan Brüggemann está fuertemente enraizada en las prácticas posconceptuales de finales de los sesenta y principios de los setenta. Siempre desde el punto de vista crítico, a veces irónico, su práctica artística cuestiona tanto el mundo que nos rodea como las categorizaciones estéticas tradicionales. Su intención nunca es generar certezas, sino comparar al espectador consigo mismo y hacer que este se plantee preguntas.

Stefan Brüggemann vive y trabaja entre Ciudad de México y Londres. Actualmente su trabajo está expuesto en: *Where Do We Go From Here? Selections from La Colección Jumex*, Bass Museum of Art, Miami; *Show Titles*, Kunsthalle Lissabon, Lisboa, y *I am not here. An exhibition without Francis Alys* en De Appel Arts Centre, Ámsterdam.

Ha participado también, entre otras, en exposiciones colectivas como la del MCA de Chicago, el Schirn Kunsthalle en Frankfurt o el ICA de Londres.

La muestra permanecerá abierta hasta el día 16 de octubre en las salas de la primera planta del CGAC.

Actividades relacionadas

El artista, Stefan Brüggemann, y el comisario de la muestra, Santiago Olmo, ofrecerán una visita guiada dialogada durante la inauguración.

STEFAN BRÜGGEMANN TO BE POLITICAL IT HAS TO LOOK NICE

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
15 xullo / 16 outubro 2016

Planta primeira

A obra de Stefan Brüggemann (Ciudad de México, 1975) abriu unha maneira diferente de abordar os aspectos sociolóxicos e culturais da linguaxe. O seu traballo insírese na tradición conceptual que toma como base a linguaxe, as palabras e as definicións para acometer unha análise que se sitúa entre a crítica e a tautoloxía das proposicións.

De feito, nalgunhas das súas series pictóricas máis relevantes —*Joke and Definition Paintings*— utiliza definicións extraídas do dicionario, como fai Joseph Kosuth, e superponas a frases en tipografía de chistes tomados de viñetas de revistas, tal e como adoita facer Richard Prince nas súas obras. Este cruzamento de referencias explica moi ben a xenealoxía da obra de Stefan Brüggemann pero tamén nos indica que na súa metodoloxía están presentes, de maneira moi activa, tanto a apropiación como unha mirada interesada na relectura crítica dos símbolos e as iconografías visuais da historia da arte, as frases, os títulos e as expresións das películas, en definitiva, da linguaxe que caracteriza a nosa civilización contemporánea onde a alta cultura se entrecruza e se funde coas culturas populares.

Ademais o uso do graffiti, de aerosois e de cores acedas, así como soportes de aglomerado, propios dos valos que nalgúns países circundan edificios en obras, revela unha obra ás veces inmaterial, ruda, próxima á sucidade da rúa, cuxa intención é subliñar os complexos procesos de estetización e a incesante capacidade de apropiación e domesticación, por parte do sistema político-económico do poscapitalismo, dos elementos críticos e das actitudes da revolta.

A súa obra incide en todas esas contradicións lingüísticas que conforman os paradoxos da vida e a convivencia cotiá, poñendo en cuestión a rixidez do politicamente correcto, precisamente pola falsidade e a hipocrísia que contén.

box (1) (boks), *n.* Boite, caisse, *f.*; compartiment, cabinet particulier (at a restaurant etc.), *m.*; malle; (*Theat.*) loge, *f.*; siège (on a carriage); corps (of a pump); moyeu (of a wheel), *m.*; maisonnette, *f.*, pied-à-terre (country-house); (*Print.*) cassetin; buis (tree), *m.*; Christmas-box, *etrennes*, *f.pl.*; hunting-box, *pavillon de chasse*, *m.*; sentry-box, *guérite*, *f.*; snuff-box, *tabatière*, *f.*; strong-box, *coffre-fort*, *m.*; to be in the wrong box, *se tromper*, *se fourvoyer*. *v.t.* Enfermer dans une boîte, encaisser. To box the compass, *savoir la rose des vents*; revenir à son point de départ.

La obra de Stefan Brüggemann (Ciudad de México, 1975) ha abierto una manera diferente de abordar los aspectos sociológicos y culturales del lenguaje. Su trabajo se inserta en la tradición conceptual que toma como base el lenguaje, las palabras y las definiciones para acometer un análisis que se sitúa entre la crítica y la tautología de las proposiciones.

De hecho, en algunas de sus series pictóricas más relevantes —*Joke and Definition Paintings*— utiliza definiciones extraídas del diccionario, como hace Joseph Kosuth, y las superpone a frases en tipografía de chistes tomados de viñetas de revistas, tal y como suele hacer Richard Prince en sus obras. Este cruce de referencias explica muy bien la genealogía de la obra de Stefan Brüggemann pero también nos indica que en su metodología están presentes, de manera muy activa, tanto la apropiación como una mirada interesada en la relectura crítica de los símbolos y las iconografías visuales de la historia del arte, las frases, los títulos y las expresiones de las películas, en definitiva, del lenguaje que caracteriza a nuestra civilización contemporánea, donde la alta cultura se entrecruza y se funde con las culturas populares.

Además el uso del graffiti, de aerosoles y de colores ácidos, así como soportes de aglomerado, propios de las vallas que en algunos países circundan edificios en obras, plantea una obra a veces inmaterial, bronca, cercana a la suciedad de la calle, cuya intención es subrayar los complejos procesos de estetización y la incesante capacidad de apropiación y domesticación, por parte del sistema político-económico del poscapitalismo, de los elementos críticos y de las actitudes de la revuelta.

Su obra incide en todas esas contradicciones lingüísticas que conforman las paradojas de la vida y la convivencia cotidiana, poniendo en cuestión la rigidez de lo políticamente correcto, precisamente por la falsedad y la hipocresía que contiene.

TO BE POLITICAL IT HAS TO LOOK NICE

Stefan Brüggenmann: *TO BE POLITICAL IT HAS TO LOOK NICE*, 2003. Cortesía do artista e Parra & Romero

Stefan Brüggenmann desenvolve no CGAC unha exposición construída desde intervencións espaciais e instalacións que cuestionan a orde dos conceptos, a lóxica das normas, e tamén as normas e convencións do sistema da arte.

A exposición toma como título una das frases recompiladas polo artista nun arquivo de títulos posibles, *Showtitles* (2000-2016), obra tamén presente na mostra, que constitúe precisamente unha crítica ás convencións da arte política, cada vez máis sometida ao servizo dunha corrección ideolóxica.

Na primeira sala da exposición as paredes que circundan o espazo baleiro foron empapeladas cunha diminuta frase —*Conceptual Decoration* (2008-2016)—, case unha contradición, un oxímoro, que abre (iso si, sen abordalo propiamente) un dos debates cruciais da arte actual: a fricción entre unha arte de ideas, conceptos e propostas de acción e unha arte da pintura á que se sinala como responsable do decorativo. *Conceptual Decoration* é unha autodefinición da obra, unha descrición, pero sinala tamén os modos e as actitudes decorativas que asumiu hoxe a arte conceptual.

Nas mesas invertidas que creou Álvaro Siza para ocultar a iluminación no teito das salas da primeira planta do CGAC, e percorrendo todo o espazo da exposición, desprégase *Monuments for the Ceiling I-X* (2010), constituída por unha serie de réplicas non exactas ou inventadas de pezas de Dan Flavin construídas con fluorescentes.

Stefan Brüggenmann desarrolla en el CGAC una exposición construida a partir de intervenciones espaciales e instalacións que cuestionan el orden de los conceptos, la lógica de las normas, y también las normas y convenciones del sistema del arte.

La exposición toma como título una de las frases recopiladas por el artista en un archivo de títulos posibles, *Showtitles* (2000-2016), obra también presente en la muestra, que constituye precisamente una crítica a las convenciones del arte político, cada vez más sometido al servicio de una corrección ideológica.

En la primera sala de la exposición las paredes que circundan el espacio vacío han sido empapeladas con una diminuta frase —*Conceptual Decoration* (2008-2016)—, casi una contradicción, un oxímoron, que abre (eso sí, sin abordarlo propiamente) uno de los debates cruciales del arte actual: la fricción entre un arte de ideas, conceptos y propuestas de acción y un arte de la pintura al que se señala como responsable de lo decorativo. *Conceptual Decoration* es una autodefinición de la obra, una descripción, pero señala también los modos y las actitudes decorativas que ha asumido hoy el arte conceptual.

En las mesas invertidas que creó Álvaro Siza para ocultar la iluminación en el techo de las salas de la primera planta del CGAC, y recorriendo todo el espacio de la exposición, se despliega *Monuments for the Ceiling I-X* (2010), constituida por una serie de réplicas no exactas o inventadas de piezas de Dan Flavin construidas con fluorescentes.

Timeless (2016) é unha peza monumental: un gran muro de espellos sobre os que o artista interveu con graffiti e pintura branca. Unha parede luxosa onde se plasmou o xesto extremo da rebeldía. Fusión e fricción entre a representación do luxo e, máis que a vontade, o xesto de aldraxar.

Nesa mesma dirección actúa *Trash Mirror Boxes (After MV)* (2015) unha obra que consiste en 44 caixas recubertas por espello en todas as súas caras e sobre as que está serigrafado o termo inglés *trash* que significa 'lixo'.

As pinturas pertencentes á serie *Joke and Definition Paintings* (2011) marcan un contrapunto con respecto ás súas *Text Pieces*, frases en vinilo que organizan un espazo gráfico. Unha extensa escenografía dun mundo, o noso, obsesionado pola palabra.

Santiago Olmo

DÚBIDAS, CONTRADICIÓNS, DESTRUCCIÓNS, OBLITERACIÓNS E REFUGALLO...

Jérôme Sans: O teu traballo aborda as características da arte dos últimos anos dos sesenta e primeiros dos setenta. Como e por que te fixas nese período concreto da historia da arte?

Stefan Brüggemann: Sempre me interesou a estratexia da arte conceptual pero non desde un punto de vista político senón máis ben como mecanismo de comunicación. A diferenza entre aquela xeración e a miña é que aquela se centraba máis na ideoloxía marxista e eu pretendo centrarme máis no mecanismo do capitalismo na actualidade.

JS: Por que empregas unha estratexia daquela xeración?

SB: Porque creo que a linguaxe é moi importante na nosa sociedade, é unha forma de comunicación, e coido que este século foi definido pola comunicación e non polo contido, que forma parte do relato. O noso século presenciou un estoupido do vehículo da comunicación pero o contido é o *eu* que, unido a outros *eus*, forma unha ideoloxía común.

JS: En vez de xogar coa parte política o que fas é xogar con aspectos visuais contemporáneos, non si?

SB: Si, por iso a miña exposición do CGAC en Santiago de Compostela levará por título unha das miñas pezas de texto, "To be political it has to look nice" [Para ser político ten que parecer atractivo]. Isto reflicte a ironía de como a política tamén fai parte da obra. Todo é político, mesmo a aparencia. Á fin e ao cabo trátase dunha crítica institucional.

JS: Parece unha metáfora dun mundo no que a política xa non ten dogmas e a comunicación se reduce á xente que está a falar.

SB: Iso é xustamente o que cuestiono no meu traballo.

Timeless (2016) es una pieza monumental: un gran muro de espejos sobre los que el artista ha intervenido con grafiti y pintura blanca. Una pared lujosa donde se ha volcado el gesto extremo de la rebeldía. Fusión y fricción entre la representación del lujo y, más que la voluntad, el gesto de ultrajar.

En esa misma dirección actúa *Trash Mirror Boxes (After MV)* (2015) una obra que consiste en 44 cajas recubiertas por espejo en todas sus caras y sobre las que está serigrafiado el término inglés *trash* que significa 'basura'.

Las pinturas pertenecientes a la serie *Joke and Definition Paintings* (2011) marcan un contrapunto con respecto a sus *Text Pieces*, frases en vinilo que organizan un espacio gráfico. Una extensa escenografía de un mundo, el nuestro, obsesionado por la palabra.

Santiago Olmo

DUDAS, CONTRADICCIONES, DESTRUCCIONES, OBLITERACIONES Y DESPERDICIOS...

Jérôme Sans: Tu trabajo aborda las características del arte de los últimos sesenta y principios de los setenta. ¿Cómo y por qué te fijas en ese período concreto de la historia del arte?

Stefan Brüggemann: Siempre me ha interesado la estrategia del arte conceptual pero no desde un punto de vista político sino más bien como mecanismo de comunicación. La diferencia entre aquella generación y la mía es que aquella se centraba más en la ideología marxista y yo quiero centrarme más en el mecanismo del capitalismo en la actualidad.

JS: ¿Por qué empleas una estrategia de aquella generación?

SB: Porque creo que el lenguaje es muy importante en nuestra sociedad, es una forma de comunicación, y creo que este siglo ha sido definido por la comunicación y no por el contenido, que forma parte del relato. Nuestro siglo ha presenciado un estallido del vehículo de la comunicación pero el contenido es el *yo* que, unido a otros *yoes*, forma una ideología común.

JS: En lugar de jugar con la parte política lo haces con aspectos visuales contemporáneos, ¿verdad?

SB: Sí, por eso mi exposición del CGAC en Santiago de Compostela llevará por título una de mis piezas de texto, "To be political it has to look nice" [Para ser político tiene que parecer atractivo]. Esto refleja la ironía de cómo la política también forma parte de la obra. Todo es político, incluso la apariencia. Al fin y al cabo se trata de una crítica institucional.

JS: Parece una metáfora de un mundo en el que la política ya no tiene dogmas y la comunicación se reduce a la gente que está hablando.

SB: Eso es justamente lo que cuestiono en mi trabajo.

JS: Vai da ideoloxía á comunicación, do interese colectivo ao interese individual.

SB: E de como o individualismo foi tendencia, polo menos nos países occidentais. Na miña realidade, sempre mostrou esta idea do capitalismo como a súa máxima expresión, e esta noción de liberdade. Pero no fondo, aínda que todo o mundo teña algunha afinidade co grupo, facemos a nosa propia revolución persoal. Só temos individuos a correr coma tolos. Sen ningunha dirección. Coido que a idea predominante entre as persoas hoxe en día é a dos cartos: nin a relixión, nin a ideoloxía, nin os valores, só os cartos.

JS: A economía é a nova relixión.

SB: Si, é o único que crea vínculos en todas as partes, ata na China. É o único símbolo no que todos se poñen de acordo e que conecta. Non estou dicindo que iso sexa malo; simplemente é así. O meu traballo non intenta establecer un xuízo senón máis ben suscitar unha interrogante e simplemente presentar a situación.

JS: En canto á arte conceptual e a Art & Language, con que artistas tiñas relación?

SB: Para min, artistas como Joseph Kosuth, Robert Barry, Lawrence Weiner e Luis Camnitzer son moi relevantes... Os membros desa xeración teñen en común o interese polos métodos de comunicación, pero os seus contidos son moi diferentes. Detrás do seu traballo está a mesma ideoloxía marxista, mentres que no meu caso é máis ben unha observación do capitalismo. Pero cando entrei en contacto co traballo, esta idea de como utilizar a linguaxe foi para min unha revelación, a maneira en que as obras son moi importantes en canto formas de comunicación e transmisión visual. A obra de Joseph Kosuth, por exemplo, presenta os aspectos *readymade* da filosofía. Garda máis relación coa semiótica, pero o máis importante segue a ser a idea, non a forma. Considéroo moi fascinante. Eu lévoa ao extremo, utilizando a linguaxe da maneira en que o facemos hoxe en día: vivimos nunha sociedade acelerada en que enviamos mensaxes de texto, temos correo electrónico, toda unha serie de dispositivos, a publicidade, todo iso aderezado con imaxes e linguaxe para nos convertermos en parte dese mecanismo.

JS: Da esfera global á burbulla individual.

SB: Si, incluso os anuncios televisivos, Internet, Instagram: sempre son mensaxes curtas. Ás veces unhas poucas palabras producen un grande impacto.

JS: En realidade é como o de "menos é máis".

SB: Exactamente. O concepto de *lacónico* refírese a unhas poucas palabras que teñen moito sentido tácito. Eu uso a palabra *non* en moitos dos meus traballos, e é un termo moi poderoso. É absoluto e tan abafante, tan directo..., e non son máis que tres letras.

JS: A túa obra a miúdo pode parecer conceptual ou minimalista, pero en cambio ten máis que ver coas reivindicacións da xente da rúa.

SB: En efecto.

JS: Va de la ideología a la comunicación, del interés colectivo al interés individual.

SB: Y de cómo el individualismo ha sido tendencia, por lo menos en los países occidentales. En mi realidad, siempre ha mostrado esta idea del capitalismo como su máxima expresión, y esta noción de libertad. Pero en el fondo, aunque todo el mundo tenga alguna afinidad con el grupo, hacemos nuestra propia revolución personal. Solo tenemos individuos corriendo como locos. Sin dirección alguna. Creo que la idea predominante entre las personas hoy en día es el dinero: ni la religión, ni la ideología, ni los valores, solo el dinero.

JS: La economía es la nueva religión.

SB: Sí, es lo único que crea vínculos en todas partes, hasta en la China. Es el único símbolo en el que todos se ponen de acuerdo y que conecta. No estoy diciendo que eso sea malo; simplemente es así. Mi trabajo no intenta establecer un juicio sino más bien plantear un interrogante y simplemente presentar la situación.

JS: En cuanto al arte conceptual y a Art & Language, ¿con qué artistas tenías relación?

SB: Para mí, artistas como Joseph Kosuth, Robert Barry, Lawrence Weiner y Luis Camnitzer son muy relevantes... Los miembros de esa generación tienen en común su interés por los métodos de comunicación, pero sus contenidos son muy diferentes. Detrás de su trabajo está la misma ideología marxista, mientras que en mi caso es más bien una observación del capitalismo. Pero cuando entré en contacto con el trabajo esta idea de cómo utilizar el lenguaje fue para mí una revelación, la manera en que las obras son muy importantes como formas de comunicación y transmisión visual. La obra de Joseph Kosuth, por ejemplo, presenta los aspectos *readymade* de la filosofía. Guarda más relación con la semiótica, pero lo más importante sigue siendo la idea, no la forma. Lo encuentro muy fascinante. Yo lo llevo al extremo, utilizando el lenguaje de la manera en que lo hacemos hoy en día: vivimos en una sociedad acelerada en que enviamos mensajes de texto, tenemos correo electrónico, toda una serie de dispositivos, la publicidad, todo ello aderezado con imágenes y lenguaje para que nos convirtamos en parte de ese mecanismo.

JS: De la esfera global a la burbuja individual.

SB: Sí, incluso los anuncios televisivos, Internet, Instagram: siempre son mensajes cortos. A veces unas pocas palabras producen un gran impacto.

JS: En realidad es como lo de "menos es más".

SB: Exactamente. El concepto de *lacónico* se refiere a unas pocas palabras que tienen mucho sentido tácito. Yo uso la palabra *no* en muchos de mis trabajos, y es un término muy poderoso. Es absoluto y tan abrumador, tan directo..., y solo son dos letras.

JS: Tu obra a menudo puede parecer conceptual o minimalista, pero en cambio tiene más que ver con las reivindicaciones de la gente de la calle.

SB: En efecto.

JS: Ten que ver con consignas da xente que non pertence a ningún grupo pero que non está conforme coa nosa sociedade e coa súa posición, coa súa situación, e leva esa desconformidade á rúa.

SB: Si, unha das pezas que mostro na exposición é *Headlines and Last Lines in the Movies* (Titulares e últimos diálogos das películas), que reflicte a miña maneira de analizar o modo en que os medios de comunicación, a información e as películas lle dan forma á sociedade. Moldean o comportamento humano, dinnos como chorar, como nos expresar, como levar un estilo de vida de éxito ou non, mentres que os medios de comunicación manipulan a percepción do modo en que o mundo se adapta ao momento actual. E eses factores son os que moldean de maneira subliminar o individualismo de hoxe.

JS: A túa estratexia é inserir a sensibilidade pop dentro da práctica conceptual. Dixeches que o teu enfoque artístico é o do “pop conceptual perverso” que soa como unha asociación paradoxal, unha especie de oxímoro. Poderíasnós explicar esta afirmación cun pouco máis de profundidade?

SB: A miña arte está na liña do pop conceptual, que son dúas ideas que se contradín. Ao final podería ser publicidade pero tamén podería ser política, pode ser abstracta. Ten múltiples formas.

JS: Hoxe en día a meirande parte das posicións que proveñen de tendencias culturais e sociais deixaron de ser lineares ou *radicais*, aínda que por veces combinan cousas que foran xusto o seu oposto. Ou estás á dereita ou estás á esquerda, pero non podes estar nas dúas bandas.

JS: Tiene que ver con consignas de la gente que no pertenece a ningún grupo pero que no está conforme con nuestra sociedad y con su posición, su situación, y lleva su desconformidad a la calle.

SB: Sí, una de las piezas que muestro en la exposición es *Headlines and Last Lines in the Movies* (Titulares y últimos diálogos de las películas), que refleja mi manera de analizar cómo los medios de comunicación, la información y las películas dan forma a la sociedad. Moldean el comportamiento humano, nos dicen cómo llorar, cómo expresarnos, cómo llevar un estilo de vida exitoso o no, mientras que los medios de comunicación manipulan la percepción de cómo el mundo se adapta al momento actual. Y esos factores son los que moldean de manera subliminal el individualismo de hoy.

JS: Tu estrategia es insertar la sensibilidad pop dentro de la práctica conceptual. Has dicho que tu enfoque artístico es el del “pop conceptual perverso” que suena como una asociación paradójica, una especie de oxímoron. ¿Podrías explicarnos esta afirmación en un poco más de profundidad?

SB: Mi arte está en la línea del pop conceptual, que son dos ideas que se contradicen. Al final podría ser publicidad pero también podría ser político, puede ser abstracto. Tiene múltiples formas.

JS: Hoy en día la mayoría de las posiciones que provienen de tendencias culturales y sociales han dejado de ser lineales o *radicales*, aunque a veces combinan cosas que habían sido justo su opuesto. O estás a la derecha o estás a la izquierda, pero no puedes estar en los dos lados.



Stefan Brüggemann: *Timeless*, 2016. Cortesía do artista e Parra & Romero



Stefan Brüggemann: *Sen título (Joke and Definition Painting)*, 2011. Cortesía do artista e Parra & Romero

SB: Hoxe en día estamos deconstruídos. Temos un pouco de todo, como se mesturásemos todas as cores e logo lles désemos unha forma conxunta. Basicamente, hai un pouco de todo. Incluso o concepto recorrente do *punk*: a xente que vemos pola rúa con crista non a clasificamos como *punk*. Os verdadeiros *punks* son os *brokers* do mercado de valores, pois as súas accións son o que o está a destruír todo. Hoxe os verdadeiros *punks* levan quizais traxe e gravata, os que son iconoclastas e individualistas nunha época de conformismo.

JS: A deconstrución de moitas cousas diferentes que polo xeral non encaixaban. Ninguén é tan utópico nin tan radical como o era a vangarda...

SB: A palabra *radical* significa moito para min. Intrígame e faime pensar moito. Pero é moi difícil comprender onde empeza o radicalismo.

JS: Mencionaches o feito de que a miúdo utilizas a palabra *non*. Iso poderíase considerar como unha forma de nihilismo, anticonformismo, como algo provocativo ou cínico.

SB: Coido que ten que ver un pouco con todas estas cousas, e tamén que é a primeira palabra que aprendemos que expresa unha postura. Cando dicimos “non” por primeira vez facémolo por termos unha posición no mundo, facémolo para aprendermos iso. Decidimos. Estamos en desacordo. Mais tamén posibilita a transformación. Aínda que se trate dunha posición negativa, pode crear algo novo. A palabra é máis positiva que negativa porque xera algo.

